

II. O MEDITERRÁNEO, CENTRO DA CIVILIZACIÓN

Mediterráneo

Quizás porque mi niñez
sigue jugando en tu playa
y escondido tras las cañas
duerme mi primer amor,
llevo tu luz y tu olor
por dondequiera que vaya,
y amontonado en tu arena
guardo amor, juegos y penas.
Yo, que en la piel tengo el sabor
amargo del llanto eterno,
que han vertido en ti cien pueblos
de Algeciras a Estambul
para que pintes de azul
sus largas noches de invierno,
a fuerza de desventuras,
tu alma es profunda y oscura.
A tus atardeceres rojos
se acostumbraron mis ojos
como el recodo al camino.
soy cantor, soy embustero,
me gusta el juego y el vino,
tengo alma de marinero.
Qué le voy a hacer, si yo
nacé en el Mediterráneo.

Y te acercas, y te vas
después de besar mi aldea.
Jugando con la marea
te vas, pensando en volver,
eres como una mujer
perfumadita de brea
que se añora y que se quiere
que se conoce y se teme.
Ay, si un día para mi mal
viene a buscarme la Parca,
empujad al mar mi barca
con un levante otoñal
y dejad que el temporal
desguace sus alas blancas.
Y a mí enterradme sin duelo
entre la playa y el cielo...
en la ladera de un monte,
más alto que el horizonte.
quiero tener buena vista.
mi cuerpo será camino,
le daré verde a los pinos
y amarillo a la genista.
Cerca del mar. Porque yo
nacé en el Mediterráneo.

JOAN MANUEL SERRAT (1971)



❑ MUNDO CLÁSICO E NATUREZA

O escenario principal da civilización grecorromana foi o Mediterráneo. Grecia e Roma fixeron de el o centro do mundo. Primeiro os gregos colonizaron as súas costas dende o mar Negro ata a península Ibérica. Máis tarde os romanos estenderon o seu imperio polos tres continentes daquela coñecidos (Europa, Asia e África). O mediterráneo converteuse nun mar interior, o *Mare Nostrum*.

Os invernos suaves e os veráns calorosos e secos fixeron que a vida de grego e romanos fose practicamente no exterior, pois todo sucedía fóra: festas e cerimoniais cívicas, asembleas, espectáculos, compravenda de produtos, etc. Este xeito de vivir favoreceu a idea de comunidade e propiciou os ideais colectivos.

Característica deste mundo foi sempre tamén a escaseza de terra cultivable, as secas e os desastres naturais. As condicións de vida foron para todos sempre modestas, por iso foron frecuentes os enfrontamentos pola posesión e control das zonas máis fértiles como a Magna Grecia (sur de Italia e Sicilia).

As técnicas agrícolas eran primitivas e o nivel de produción baixo. Era frecuente importar trigo de Exipto ou das costas do mar Negro. O mar constituía a forma máis rápida de se desprazar e era fonte de recursos pola pesca e polo transporte marítimo. Todas as cidades importantes estaban á beira ou moi preto do mar. Con todo, o mar era tamén fonte de perigos e o custo do comercio era elevado, por iso Roma creou unha flota poderosa para defender os transportes dos piratas.

Os gregos crían que había unha relación directa entre o clima e a forma de vida, por iso pensaban que a civilización só podía desenvolverse en rexións como a súa, mais non nas frías rexións do norte e nas áridas do sur, pois alí non se daba condicións favorables para a vida civilizada.

As catástrofes naturais eran e son frecuentes por ser o Mediterráneo zona de choque das placas africana, eurasiática e anatólica; gregos e romanos sufriron dende sempre terremotos, erupcións volcánicas, incendios, etc., que eles atribuían á cólera dos deuses, por iso sempre veneraron á Natureza de distintas formas.

❑ CAMPO E CIDADE

A topografía montañosa da paisaxe mediterránea obrigou os habitantes a organizarse en pequenas comunidades independentes (πόλις). Separadas unhas das outras por límites naturais, cada comunidade consistía nun pequeno núcleo urbano, agrupado ao redor dunha colina

fortificada (ἀκρόπολις), aldeas espalladas, campos de cultivo e un porto. A agricultura, o pastoreo e a pesca eran a base da economía, mais era na cidade que se reunían para o intercambio comercial, as asembleas políticas e os festivais relixiosos.

O mundo clásico é un mundo de cidades, pequenas en xeral , de non mais de 5.000 habitantes. Con todo, despois da morte de Alexandre Magno (323 a.C.), comezaron a florecer grandes cidades como Alexandría, Antioquía, ou a mesma Roma, cidades monumentais con fermosas rúas, prazas e xardíns, dotadas de todo tipo de servizos que proporcionaban unha calidade de vida mellor aos seus habitantes e foron focos de atracción para os habitantes do campo, que, ao longo dos séculos, acudiron a instalarse nelas facendo medrar a poboación orixinal.

Fóra das terras cultivadas e das cidades, todo eran montañas e bosques, considerados espazos marxinais, poboados por feras salvaxes e deuses, escenario das fazañas dos heroes.

Na Natureza os homes do mundo clásico sentían a presenza dos deuses e os poetas buscaron nela inspiración idealizándoa e contraponéndoa á cidade. Ao campo escapaban os que podían para se instalar alí coas comodidades da cidade, mais lonxe dos problemas que causaba a vida urbana. Poetas como o romano Virxilio (*Xeórxicas*, II, 458 e ss.) chama felices aos agricultores porque están lonxe da guerra e obteñen da terra todo o necesario para vivir. Horacio, outro poeta romano, (*Épodo* II) deixounos un dos cantos máis fermosos á Natureza, aquel que comeza dicindo *Beatus ille...*, ou sexa, feliz quen labra os campos herdados de seu pai lonxe da usura, da guerra e dos perigos do mar. Cando as cidades se fixeron demasiado grandes e inimigas para a vida tranquila, poetas como o grego Teócrito (*Idilio* VII, 135 e ss.) cantaron a Natureza describindoa como un lugar ameno , idealizado, fonte de todos os bens para os seres humanos, cuñando os tópicos literario do *locus amoenus* e da Arcadia feliz.

❑ ESTRAGOS NO MEDIO AMBIENTE

Aparece por vez primeira en Grecia unha certa conciencia ecolóxica e unha preocupación polo deterioro do hábitat debido á actividade humana. Xa o filósofo grego Platón (*Critón*, III b-d) observa que a deforestación de Grecia é recente e que antes abundaban os bosques, chovía máis e había máis fontes.

Unha das principais vítimas da acción humana foi a fauna, pois os animais usábanse nas cerimoniais relixiosas: sacrificio e adivinación. Máis destructiva foi a caza organizada de animais salvaxes (leóns, tigres, elefantes, xabaríns). Os reis de Asisia e faraóns de Exipto aparecen representados cazando, e esta foi tamén unha das aficións dos persas, de Alexandre Magno e dos

aristócratas romanos. Un dos aspectos da caza moi valorado foi o de adestramento para a guerra, e conservamos tratados sobre caza e pesca; tamén o aspecto comercial foi letal para moitas especies: marfil, peles, produtos medicinais.

O uso de animais para espectáculos, exhibicións e *venationes*, foi habitual no mundo romano, e acabaron por exterminar os elefantes, rinocerontes e cebras do norte de África, os leóns desapareceron de Grecia, Asia Menor e do Atlas, os tigres de Armenia, etc.

O mundo clásico foi un mundo de cidades e este hábitat concentrado provocou tamén numerosos problemas. En Atenas chegaron a vivir cen mil persoas, e Roma paso do millón de habitantes.

A maioría da poboación vivía en pouco espazo, con rúas estreitas e edificios, no caso de Roma, de bloques de ata sete pisos. A contaminación acústica era constante, as vivendas non tiñan auga da traída, e cociña e latrina eran normalmente comúns a todos os inquilinos.

Os incendios –cociña e iluminación dependían do uso directo do lume- eran frecuentes nas cidades, o aire era malsán, se ben non tanto coma hoxe, o fume das panaderías, termas, talleres de fundición, o cheiro de latrinas, cloacas e lavanderías facían o aire difícil de respirar nalgunhas zonas.

A contaminación dos ríos cercanos ás poboacións era tamén unha constante que obrigaba a traer a auga dende mananciais e fontes por medio de acuedutos. As tuberías de chumbo eran nocivas para a saúde e as investigacións sinalan altas concentración deste metal nos ósos.

Por contra, unha das precaucións máis estendida durante toda a Antigüidade clásica foi que os cemiterios sempre estiveron fóra das murallas e á beira dos camiños e vías que saían das cidades.

